



IMPROVISO

Brigitte Vasallo

Longa vida á nosas unhas cheas de terra, longa vida ás nosas memorias labregas!

Estas páxinas son un encontro de moita xente que quero, e é unha forma, tamén, de darvos as grazas.

Todos estes meses en Italia non estiven soa: estiven cos meus compañeiros e compañeiras artistas residentes na RAER que alimentaron, acompañaron e acollideron este proceso, as súas dúbidas, as súas dores, as súas alegrías, e estiven acompañada desas persoas descendentes da nosa historia que, desde distintos lugares e disciplinas, están a buscar como contamos, como seguiremos contando. Os seus traballos recóllense neste fanzine, porque o formato mesmo, da artista Irene Pérez, é tamén unha declaración de principios: un convidarvos á complicidade de elaborar coas vosas mans, que son as mans de todas nós, este obxecto de memoria colectiva.

Cheguei a Roma en 2024 guiada pola morte. A primeira, a morte de Gramsci, que para min é unha tumba nun cemiterio romano observada por Pasolini, a segunda morte; a foto dese momento (un momento inmortalizado) é a portada dun libro que contén un poema sobre a nosa morte colectiva: Il canto popolare.

Improvviso il mille novecento cinquanta due passa sull'Italia: solo il popolo ne ha un sentimento vero: mai tolto al tempo, non l'abbaglia la modernità, benché sempre il più moderno sia esso, il popolo, spanto in borghi, in rioni, con gioventù sempre nuove - nuove al vecchio canto - a ripetere ingenuo quello che fu

Cheguei a Roma becada pola Academia de España en Roma para elaborar unha peza desa investigación-rede que denomino Triloxía de Naxos. Viñen para buscar aos fillos e as fillas, aos netos e as netas dese 1952 que arrasou o último mundo labrego italiano. Buscando unha historia que fose nosa: nin unha historia bonita, nin unha historia que nos fixera mellores que os demais para compensar o ser narradas como peores que calquera. Busco unha historia nosa que faga algo de xustiza á nosa xente.

(nun diálogo entre Ferruccio Brugnaro e Sandro Sardella, escritores obreiros, escoitei esta frase: "eu non escribo para quedar por encima dos demais, senón para atoparme cos demais")

Vin a Italia para afastarme, para tomar distancia, para que este lugar múltiple, diverso, complexo, o único estado do sur de Europa que non vivía en ditadura nos anos 1950, fixéranos de espello. Para imaxinar utopías: de non sufrir a ditadura había algunha esperanza para nós, o mundo labrego, máis aló de ser engulidas definitivamente polo mundo industrial?

O noso mundo labrego, no Estado español, foi arrasado en 1953, cando o franquismo deixou de ser considerado o inimigo fascista que era, e pasou a ser considerado o amigo anticomunista que tamén era. Os agreements con EEUU e o Concordato co Vaticano asináronse no verán dese ano en que sucedeu todo e empezou a acabar, definitivamente, todo.

Nós, fillas e fillos desa diáspora, sempre contamos a nosa historia coas palabras do amo, coas palabras do mundo vencedor desta guerra, do mundo industrial: aprendemos nas súas escolas e nas súas universidades e nas súas películas e nos seus libros que eramos atrasados, bestas, analfabetas, sucios, violentos... toda a vergoña migratoria é un mecanismo de censura, de silencio. Nese pasado desolado e agreste, quen querría que verse representada?

